

UNHA MIRADA DE FUTURO NO SÉCULO XX

Tucho Calvo
Escritor e xornalista

Resumo: Valentín Paz-Andrade salienta como un personaxe clave na historia da Galicia contemporánea, por ser o inspirador de importantes iniciativas empresariais, e tamén pola súa maneira de concibir Galicia como un país moderno dono dos seus recursos naturais e económicos e como unha terra aberta ao mundo que conserva os seus sinais de identidade e se beneficia deles na súa relación con outros países.

Abstract: Valentín Paz-Andrade stands as a key figure in the history of modern Galicia. He was the inspirational mind behind the creation of important business initiatives and he conceived Galicia as a modern country with a mastering of its own natural and economic resources, and as a country which preserves a unique identity in its relationship to the world.

Palabras chave: Valentín Paz-Andrade, Galicia contemporánea, economía, relacións internacionais.

Key words: Valentín Paz-Andrade, modern Galicia, economics, international relations.

Protexido polo destino, que lle conferiu unha longa vida malia existir nun século convulso, Valentín Paz-Andrade (1898-1987) representa a forza, tenacidade, sensibilidade, xenerosidade, sentido práctico e intelixencia necesarias para procurar un futuro mellor para Galicia alén do século XX, desde a convicción de pertencer a un pequeno país cun papel no mundo global.

Pero esa fortuna faltoulle para que lle chegase o recoñecemento –que ten sido ata mesquiño deica o presente– do gran labor que xogou en tantos eidos do acaecer galego. Mesmo neste ano en que recibiu a homenaxe das Letras Galegas, os actos de celebración estiveron en boa parte limitados por unha crise con raíces en moitos dos problemas dos que advertiu hai máis de medio século (a demografía,

o control do noso aforro, o aproveitamento dos recursos propios en relación coas augas continentais e mariñas, a industrialización...). Con todo, este congreso é unha primeira grande ocasión de comprobar que historiadores e investigadores en diferentes especialidades comezan a poñer en valor a súa vida e legado.

Valentín Paz-Andrade laiábase nos derradeiros anos da súa vida de ter sufrido un evidente “ninguneo”. Co seu pasamento, a situación non mellorou e a aparición do meu libro *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século* (O Castro, 1998; Biblos Clube de Lectores, 2011), editado no seu décimo cabodano por iniciativa do seu grande amigo Isaac Díaz Pardo, serviu para denunciar o esquecemento en que seguía a súa figura. Pero eu non son un investigador académico. O meu traballo foi só o dun xornalista que con máis ou menos acerto recolleu da voz do protagonista a crónica por extenso dunha vida apaixonante e frutífera. Faltaba o labor de procura e análise que comeza a ofrecer neste congreso os primeiros resultados.

Aquela queixa de Valentín Paz-Andrade, en todo caso, referíase menos á súa persoa en particular que a uns prantexamentos ideolóxicos aos que se mantiña fiel e que consideraba que se estaban a traizoar desde o comezo da transición polo galeguismo do interior, mentres que se prescindía de toda a experiencia que acumulaban aínda fóra de Galicia tantas persoas salientables nos máis diversos eidos: políticos, empresarios, intelectuais... Desde o seu punto de vista, estaba a impoñerse a mediocridade e a triunfar os arribismos.

Marcado pola prematura morte da súa nai, por dúas ditaduras, a guerra con Marrocos, unha guerra civil, dúas guerras mundiais, un atentado, persecucións e ata un terrible accidente de tráfico que o levou ás portas dunha morte da que tamén puido fuxir ao cambiar os billetes dun voo que rematou en traxedia, Paz-Andrade é o prototipo da persoa que supera as dificultades para abrir novos camiños. Hai nel unha actitude esforzada, vehemente, firme e soñadora en que a súa mente aberta mestura o home de leis e o político, o xornalista e o poeta, o economista e o visionario, na procura de novos horizontes máis aló do século de privacións no que vive a súa terra.

Aquel 1921, por exemplo, que el definiu como “un ano de moura lembranza” (malia ser no que obtivo o título de Dereito), levouno a Annual. Da guerra non podía contar nada porque a severa censura llo impedía. Pero atopou alí a oportunidade, en labores xornalísticos, de achegar por primeira vez aos galegos a súa visión de algo que pasaba fóra. Aquelas crónicas –dito coas súas propias palabras– “dalgún xeito, influirían na miña vida futura”.

O caso é que, xa desde antes, desde os tempos de estudante na Universidade compostelá, quedou marcado polo compromiso político. A fidelidade aos principios que alí subscribiu da man de correligionarios tan ilustres como Castelao, inspirou todo o seu labor. Xornalismo e política constituíron o mellor escenario para descubrir a paixón e afouteza coa que se enfrontaba ao mundo con campañas e mitins

memorables. Pero foi a chegada da sublevación fascista do 36, coa frustración de todas as esperanzas e a instauración dun réxime de terror, a que determinou o cambio definitivo para que Paz-Andrade quixese procurar no futuro unha Galicia que superase a miseria e o illamento aos que estaba condenada na España da ditadura franquista.

A Guerra Civil e a inmediata posguerra acabaron de definir a personalidade do galeguista republicano, do home que axudou a salvar a vida dalgúns correligionarios e que sufriu persecucións encarnizadas que milagrosamente non acabaron do xeito funesto de tantísimas outras. Gañou a confianza de moitos dos que tiveron que se exiliar e que, ao longo das terras de América, contribuíron a abri-lle as portas dun mundo que vivía un desenvolvemento varias décadas por diante do do noso país. Un universo do que bebeu con entusiasmo todas as novidades (filosóficas, literarias, económicas, xurídicas ou técnicas) procurando transplantalas ou adaptalas do mellor xeito posible á realidade galega.

Tal bagaxe, bortelada pola súa sólida cultura e intelixencia, permitiron facer de Valentín Paz-Andrade un auténtico visionario que tanto plasmou modelos económicos de extraordinario valor nos seus máis significativos ensaios dos anos cincuenta, como inspirou proxectos empresariais que mudaron ou puideron mudar de modo significativo a nosa historia.

Vistas desde a perspectiva actual, moitas das opcións defendidas por Valentín Paz-Andrade aparecen como grandes oportunidades perdidas. Xa na ditadura de Primo de Rivera, cando os investimentos en España da multinacional norteamericana Compañía de Industria e Tracción Eléctrica fixeron renacer en Vigo as esperanzas de contar cun ferrocarril por Lugo á fronteira francesa, a súa defensa dese proxecto desde o *Galicia*, fronte á tese oficialista do xeneral Ángel Rodríguez del Barrio publicada en *El Pueblo Gallego* a prol da mellora das comunicacións con Madrid, supúxolle ir ao cárcere. Frustrouse daquela a posibilidade de facer de Galicia unha gran cabeza de ponte de Europa cara a América, un porto de mercadorías ao que seguimos aspirando logo un século despois sen que os grandes proxectos portuarios en marcha contén aínda nin tan sequera coa perspectiva desa conexión por tren.

Valentín Paz-Andrade non era un localista ou un provinciano máis. Estaba xa, antes do golpe franquista, conectado co exterior. Por entón, e mentres durou a primeira lexislatura republicana, facía unha ou dúas viaxes por mes a Madrid, onde mantiña unha colaboración como cronista de Galicia no xornal *El Sol*, ao tempo que tamén colaboraba na revista barcelonesa *La Calle*.

Coa guerra, todo mudou. A fortuna máis cá prudencia, arredárono da morte. Pero non dubidou nas súas fidelidades nin entón nin nos tempos máis duros da represión, sendo por exemplo o único en honrar publicamente a memoria do seu grande amigo Castelao escribindo para *La Noche* compostelá o artigo “Castelao,

el hombre y el artista” (17 de xaneiro de 1950). Do mesmo xeito, non variou tampouco a súa curiosidade nin o desexo de colocar Galicia na vangarda nin a presenza constante da súa sinatura (por un tempo, tamén prohibida) en importantes medios de comunicación españois e latinoamericanos.

Sen deixar de estar sempre radicado en Galicia, Valentín Paz-Andrade foi un viaxeiro pertinaz que probablemente necesitaba imperiosamente coñecer o que ofrecían a creación e os avances da humanidade fóra das ríxidas fronteiras españolas. De feito, cando Núñez Búa o convida, pouco despois da morte de Castelao, a dar unhas conferencias en Buenos Aires, ten en conta para aceptar o que define como un “anseio de liberdade oral, despois de vivir anos e anos de gorxa e orellas tapadas”. O avión, que nos anos cincuenta do século XX precisaba máis de trinta horas para ir de Madrid a Buenos Aires e que era un transporte aínda de minorías, deulle ocasión de ter un gran coñecemento de todo o continente americano. Ao mesmo tempo que falaba con autoridades pesqueiras e dignitarios de alto nivel ou que se preocupaba polas tradicións e a historia dos diferentes pobos, tamén tiña tempo para ler *Cien años de soledad* nunha das súas primeiras edicións ou para decatarse do atraso no que viviamos.

Pero quen realmente lle abriu a gran porta ao futuro foi Bibiano F. Osorio Tafall –compañeiro de xuventude no instituto de Pontevedra–, que traballaba para as Nacións Unidas como delegado para América Latina da FAO. (Food and Agriculture Organization). Foi el quen o convidou a dar alí unhas vinte leccións sobre economía da pesca. “Decateime da responsabilidade e o esforzo que a aceptación imponía. Mais en circunstancias de isolamento cultural, como as que aínda sufríamos, a dubida para min non cabía”, di ao respecto Valentín Paz-Andrade. Pero tamén reconece de inmediato as súas limitacións e acepta con humildade o rexeitamento que sofre o esquema que presentou sobre as leccións que debía impartir:

A aprobación tiña que ser dada polo Xefe de Economía da División de Pesca de Oslo, que fora vítima de malos tratos no tempo da dominación hitleriana. Tratábase de Gerard Gherhardesen. Fixo el mesmo o programa das leccións, descartando o que eu mandara. (...) O primeiro que descubrín, en termos de abondo nidios, foi a magnitude do desfase cultural en que España estaba sumida. Na década dos corenta, maiormente desde o remate da Guerra Mundial, John Maynard Keynes tiña revolucionado a doutrina económica. E máis ou menos nos mesmos anos, Schumpeter, Sombart, Pigou, Rostow, Hoover, Myrdal... e moitos máis enriqueceran e renovaran a ciencia de Adam Smith. Decateime que a economía a explicar por min, aínda que reducida a un sector, esixía partir do nivel a que durante aqueles anos se chegara no mundo. Por fortuna, o Fondo de Cultura Económica, de México –dirixido por Arnaldo Orfita– viña

editando a obra dos novos tratadistas, ademais dos clásicos. Con tan efectiva axuda, e a doutras obras en inglés, francés, italiano... houbo que poñer peito á tarefa. Nos doce ou catorce meses de que dispoñía, deixando a cama denantes das sete da mañá, manexando tres ou catro dicionarios a par dos textos, fun saíndo do atranco.

Esa clara actitude de fame de saber, de recoñecemento das limitacións das que parte o seu país e el mesmo son a chave para que xurda como importador de modernidade, de ideas anovadoras. Alén dese curso, e xa como experto da FAO, atopou as ocasións de contactar coas autoridades e os especialistas das potencias máis avanzadas do sector pesqueiro (nórdicos, xaponeses, soviéticos...) e de todos aprendeu. Así, da situación de atraso que se perpetúa ben anos despois, e a propósito do labor que desenvolve a revista *Industrias Pesqueras* que el dirixiu, manifestaba:

Cando o Estado, en mans da Ditadura, aínda se mantiña practicamente isolado, algúns expertos en economía pesqueira fomos invitados pola F.A.O. a cursos de capacitación pesqueira na América hispana. O primeiro, quen agora está falando. E se, no ano 1973, Bouzas foi escenario da Exposición Mundial da Pesca, non sería por iniciativa oficial. Aquela cómpre ser sinalada como unha realización máis –no caso, verdadeiramente grandiosa– das relacións entre afíns que orixinariamente fomentou a revista, sen que a Administración do Estado se dese sequera por informada, se non foi para entrabar a iniciativa.

Antes, outro asunto no que volcou a súa pluma foi na defensa, nos derradeiros meses de 1959, da refinería de petróleo para Vigo. Era un ano antes de que Xosé Fernández López eloxiase a súa loita a prol da tecnificación e modernización da frota pesqueira integrándoo no equipo fundacional dunha empresa armadora distinta, con buques de maior porte, que conxelasen a bordo a totalidade das capturas, e que explorasen caladoiros pouco ou nada explotados: Pescanova.

Os coñecementos que Valentín Paz-Andrade importa son os que o converten no verdadeiro artífice dese proxecto tan espectacular. Porque el achega a información sobre os mellores caladoiros existentes no mundo e tamén das técnicas máis avanzadas na construción das unidades pesqueiras que deben asumir os novos retos.

A grande información que Valentín Paz-Andrade chega a manexar de canto acontece no mundo do mar e da pesca permítelle figurar na historia como un dos primeiros, xunto con Costan Tobeñas, en alertar dos perigos que representaba para a frota pesqueira española e, en particular, para a galega, a ampliación das duascenas millas. En 1960, Paz-Andrade enviou á *Revista de Legislación y Jurisprudencia*, que dirixía Tobeñas, o ensaio “Los derechos sobre el espacio marítimo” (un tema sobre o que volvería con traballos que viron a luz, entre outros medios, en *ABC* e

La Vanguardia con ocasión da Terceira Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre Dereito do Mar celebrada en 1974 en Caracas) que, na súa excepcionalidade, puxo de manifesto o afastamento da ciencia xurídica española da economía do mar.

Pero non é só o mundo do mar. Valentín Paz-Andrade concibe Galicia globalmente e pensa sempre nela coa necesidade de abri-la ao mundo sen que perda ningún dos seus sinais de identidade. Sabe da importancia de que poidamos ser donos dos nosos aforros e figura entre os impulsores do Banco Industrial de Galicia; denuncia os problemas da caída demográfica; apunta a necesidade de ser donos dos nosos recursos e de facelos rendibles... Salienta a extraordinaria importancia da cultura e refírese decote con paixón ao papel que pode xogar o noso idioma como carta de presentación. Cuantifica o potencial da presenza nos cinco continentes de persoas coas que podemos entendernos e anticipa sobre todo as enormes perspectivas que abre un inmenso e rico país como Brasil.

Valentín Paz-Andrade é sen dúbida unha figura clave do século XX galego sobre todo porque soubo manter relacións de extraordinario interese dentro e fóra de Galicia que o forneceron dunha cultura universal e de vangarda na que era posible facer agromar proxectos adiantados a uns tempos que para o noso país eran de atraso e de miseria.